



NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

MES DA
CIENCIA 2024

Programación de actividades
de divulgación científica
da Consellería de Cultura,
Lingua e Xuventude e das
bibliotecas escolares



XUNTA
DE GALICIA

Manifesto de Felipe Criado-Boado

Toda sociedade precisa coñecer e interpretar o mundo para desenvolverse nel de forma satisfactoria. A Ciencia é un xeito especial de coñecemento do mundo que se desenvolveu en Occidente desde o Renacemento e eclosiona coa Modernidade nos séculos XIX e XX. É responsable do noso progreso tecnolóxico e industrial, pero tamén foi da man do complexo tecno-militar desde o século XVI, da consolidación do capitalismo e da expansión colonial europea. Toda esta historia está reflectida nas bibliotecas e fai que debamos volver a elas continuamente. Pero non só. Tamén está reflectida na tradición oral, nos hábitos e na cultura material.

Dedícome á arqueoloxía, ao estudo da humanidade e á reconstrución da historia a partir dos restos materiais que producimos (algo que hoxe chamamos "patrimonio").

Como humanista sei que a Ciencia é unha forma de coñecemento parella a outro tipo de saberes, incluíndo os saberes tradicionais, ancestrais, humanistas e a "arte"; por iso é importante propiciar o diálogo de saberes entre formas de coñecemento distintas.

Como científico sei que a diferenza esencial da ciencia con outros saberes é que se pode validar a súa certeza (saber se é certa ou non) por mecanismos internos e formais, sen necesidade de acudir a valores sociais compartidos polo grupo ou crenzas en axentes externos; por iso é importante que a ciencia argumente as accións e decisións que as sociedades e os individuos afrontamos.

Como arqueólogo podo dicir que o valor da arqueoloxía é producir coñecemento científico sobre o patrimonio cultural, coñecer mellor a nosa historia e comprender de que xeito ese patrimonio interacciona coa historicidade, a tradición, a memoria, a identidade e, mesmo, os conflitos, con todo aquilo que caracteriza os pobos e lles serve para construír relacións (de colaboración ou de oposición) entre eles.



Pero máis aló diso, a arqueoloxía e o estudo do patrimonio (ao que contribúen moitas outras disciplinas) forman parte do descubrimento da nosa diversidade e diferenzas. O coñecemento pleno das condicións sociais nas que interrelacionamos co patrimonio, tamén ao estudalo (xa que estudamos patrimonio que pertence a outra xente e ten valores especiais para persoas distintas), mostra que a investigación científica non é allea aos procesos de diálogo, participación e construción entre axentes distintos, a miúdo con intereses contrarios pero xeralmente lexítimos e comprensibles.

Esa investigación debe profundar no coñecemento do destino común da humanidade. Algo sobre o que debemos construír unha conciencia compartida porque, nun mundo que é cada vez máis divisivo e cego, está en xogo o noso equilibrio co

planeta e as relacións entre as diferentes sociedades humanas. A boa ciencia pode ser os nosos ollos. Pero non (só) porque sexa certa, senón porque sexa social, democrática.



Felipe Criado-Boado é arqueólogo, director do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC. Actualmente estuda as relacións entre o mundo material e os procesos cognitivos. Foi Premio nacional de investigación 2023.



ACTIVIDADES NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS



BIBLIOTECA DE GALICIA


9 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro: *Agora vesme: A maxia do mundo microscópico*, co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC

No desenvolvemento do obradoiro daráselles aos nenos e ás nenas participantes a oportunidade de gozar, de forma amena e entretida, do mundo microscópico que agocha unha gran variedade de individuos e formas que, ás veces, son pouco accesibles se non empregamos instrumentos axeitados.

Para público infantil de 8 a 12 anos.
20 prazas.

[Inscripción previa na web cidadedadacultura.gal](http://www.cidadedadacultura.gal)



16 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro: *O Seminario de Estudos Galegos: Aprende xogando!*, co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC

Neste obradoiro, a rapazada descubrirá o Seminario de Estudos Galegos dun xeito moi dinámico e entretido a través de diversos xogos e actividades. Falaremos desta institución cultural creada por estudantes e intelectuais galeguistas no ano 1923 co obxectivo de estudar dun xeito sistemático e científico todas aquelas cuestións que afectan a vida de Galicia.

Para público infantil de 8 a 12 anos. 20 prazas.

[Inscripción previa na web cidadedadacultura.gal](http://www.cidadedadacultura.gal)

23 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro: *Que é un Scriptorium medieval? Obradoiro de paleografía para descifrar escrituras antigas*, co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC



Neste obradoiro de paleografía a rapazada descubrirá esta ciencia dun xeito ameno a partir de mostras de documentación medieval e moderna, tanto pergameos orixinais como facsímiles (*Cantigas de Santa María* ou pergameos notariais do século XV).

Para público infantil de 8 a 12 anos.
20 prazas.

Inscripción previa na web cidadedacultura.gal

30 de novembro, ás 17:00 horas, na aula I

Obradoiro: *Onde está a miña cunca*, co al@csic.gal de z@csic.gal CSIC

Na primeira parte desta actividade, realizarase un conto con Kamishibai, que é unha forma popular de contar historias para nenos no Xapón. Na segunda parte explicaranse as formas de modelar o barro para facer unha cunca, semellante á descrita no conto.



Para público infantil entre 6 e 12 anos.
20 prazas.

Inscripción previa na web cidadedacultura.gal



BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ÁNXL CASAL

6 de novembro, ás 18:30 horas, no salón de actos

Diverciencia! Obradoiro de experimentos, con Anias

As experiencias científicas non soamente permiten coñecer o funcionamento dos fenómenos que nos rodean e mellorar a vida das persoas, senón que tamén poden ser moi divertidas!

Este obradoiro ten a finalidade de achegar a ciencia ás persoas máis curiosas a través do descubrimento. Con materiais sinxelos e dun xeito lúdico e cooperativo, as nenas e os nenos aprenderán a través da participación e da experimentación o funcionamento de diferentes fenómenos físicos, químicos e científicos.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 15 prazas.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

7 de novembro, ás 18:30 horas, no salón de actos

Obradoiro infantil de astronomía realizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela

A Óptica Val agasallará cun planisferio celeste a cada asistente.

Para público infantil de 7 a 12 anos.
15 prazas.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.



7 de novembro, ás 20:00 horas,
no exterior da biblioteca

(se as condicións meteorolóxicas non acompañan, trasladarase a outro día).

Observación do ceo nocturno con telescopio realizado polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da Universidade de Santiago de Compostela

A actividade iníciárase ás 20.00 h no salón de actos cunha breve explicación sobre o que as persoas participantes van poder avistar. A seguir iníciárase no exterior da biblioteca a observación dos astros a través do telescopio, cunha duración aproximada dunha hora

Para todos os públicos. 25 prazas

Inscripción na biblioteca desde as 18:00 horas.

9 de novembro, ás 12:00 horas, no salón de actos

Obradoiro: Ciencia en Familia: aprendizaxe e diversión, con Ciencia Kids

Obradoiro interactivo deseñado para desatar a curiosidade e o entusiasmo pola aprendizaxe.

A través desta actividade, as familias teñen a oportunidade única de explorar o fascinante encontro entre a ciencia e a vida cotiá, cun enfoque especial e comprobar como a ciencia se entrelaza coa música, a arte e os conceptos físicos e químicos sorprendentes.

Para público familiar.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



13 de novembro, ás 18:30 horas, no salón de actos

Obradoiro: Física e luz, con Vermislab

O obradoiro consistirá na realización de experimentos relacionados coa luz. Farase un proxecto da creación de hologramas e como funciona a refracción da luz en diferentes materiais. As persoas participantes levarán para a casa o proxecto realizado cos materiais.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 20 prazas.

Inscripción na biblioteca desde 30 minutos antes do comezo da actividade.

16 de novembro, ás 12:00 horas, no salón de actos

Sesión de divulgación científica: Non é bruxería, é ciencia, con Fatiropina

Aprende ciencia facendo as túas propias pocións da man da bruxa Pinhuxa.

O termo bruxa foi acuñado na Idade Media coa idea de que un ser maligno lles outorgaba a certas mulleres poderes, fórmulas e artefactos para facer maleficios pero, en realidade, eran as primeiras mulleres con coñecementos de ciencia. Estes non

proviñan da maxia, senón da súa propia experiencia e da experimentación con metais, minerais e plantas.

Faremos algún dos esconxuros conservados en vellos papiros exipcios, ou con ingredientes máxicos sacados directamente da botica das bruxas máis reputadas da historia, como o feito con caca de mono e pis de elefante para facer un volcán alucinante.

Para público infantil de 3 a 8 anos.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



Todo o mes de novembro

Mostras bibliográficas

Escoitar a ciencia: acadar información, entender problemas, construír opinión

A ciencia é moi importante no desenvolvemento humano. Todas e todos temos razóns para achegarnos a escoitar o que ten que dicirnos, tanto por curiosidade intelectual como para dar resposta a problemas puntuais. Para atopar respostas ás nosas preguntas é fundamental a información que a ciencia nos dá porque é a mellor posible sobre o mundo que nos rodea e os procesos que nel se desenvolven.

Ofrecémosvos aquí unha selección de libros que teñen o obxectivo de acercarnos á ciencia, con explicacións sinxelas e textos fáciles de entender. Pretendemos así despertar a curiosidade, alentar a aprendizaxe e promover o acceso ao coñecemento científico.

Lugar: sala infantil.

Para público infantil.





BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

9 de novembro, ás 11:00 horas,
espazo de obradoiros da planta baixa

Obradoiro: *CSI: O roubo da tarta, con Ceo Aberto*

Convértete nun axente de policía e investiga, empregando a ciencia, o misterioso roubo da tarta. Busca pegadas, elabora retratos robot e analiza o ADN, mentres resolves o crime.

Para público infantil de 7 a 14 anos. 20 prazas
[Inscripción previa a través do formulario da nosa páxina web.](#)



16 de novembro, ás 11:00 horas, no espazo de
obradoiros da planta baixa

Obradoiro: *Ciencia creativa: experimentos, música e arte, con Ciencia Kids*

Obradoiro deseñado para descubrir as fascinantes conexións entre a ciencia e a creatividade, a través da música, a arte, e emocionantes experimentos físicos e químicos. Este obradoiro busca revelar as relacións intrínsecas entre conceptos científicos e expresións artísticas, ofrecéndolles aos participantes unha experiencia de aprendizaxe multidimensional, que mostra como a ciencia non só é fundamental para entender o mundo que nos rodea, senón que tamén é unha fonte inesgotable de inspiración para a creatividade e a innovación.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.
[Inscripción previa a través do formulario da nosa páxina web.](#)

23 de novembro, ás 12:00 horas, no espazo de obradoiros da planta baixa

Obradoiro: *Construcción e programación de robots, con Enxeñolabs by Dismedia*

O obxectivo da actividade é familiarizar os participantes coas disciplinas STEAM, en concreto coa robótica, na resolución de problemas e na execución de proxectos, fomentando así o gusto e a curiosidade pola ciencia e a tecnoloxía.

A actividade consistirá en construír e programar por bloques un robot, empregando unha metodoloxía activa en que os/as participantes resolverán un reto empregando o material facilitado.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.

Inscripción previa a través do formulario da nosa páxina web.

30 de novembro, ás 12:00 horas, no espazo de obradoiros da planta baixa

Como deseñar unha cidade: *learning from Las Vegas, con Nuria Prieto*

Deseñar unha cidade non é sinxelo; estas adoitan estar sometidas a cambios constantes que afectan as persoas que as habitan.

Os arquitectos Denise Scott-Brown e Robert Venturi realizaron un estudo chamado *Learning from Las Vegas* que propuxo unha peculiar maneira de construír e ver a cidade con "patos" e "caixas decoradas".

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.

Inscripción previa a través do formulario da nosa páxina web.



7, 11, 21 e 28 de novembro, das 16:00 ás 20:00 horas, na sala infantil

Xoves xogando, maratón de xogos de mesa

Durante o mes de novembro, a biblioteca mudará nunha cancha de xogos de mesa na cal pequenos, rapaces e familias poderán compartir a súa afección polos xogos de mesa: Carcassonne, Brain Box de Ciencia, Mind up, Xadrez, Virus etc.

Cada tarde dos xoves, na sala infantil e xuvenil poderán gozar dun espazo en que compartir con outras familias, mozas e mozos, cativas e cativos, un tempo de aprendizaxe a través dos xogos.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa a través do formulario da nosa páxina web.

Todo o mes de novembro

Mostras bibliográficas

Ponte ao día coa ciencia!

Selección de libros divulgativos sobre ciencia para todas as idades.

Lugar: primeiro andar.

Para todos os públicos.





BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

8 de novembro, ás 18:00 horas,
no salón de actos

A óptica das ilusións, con David Méndez

Experimenta a maxia e a marabilla dos enganos visuais da man do mago David Méndez, que combina as diferentes ilusións que reciben os nosos ollos e que cando chegan ao cerebro dan como resultado a admiración e o asombro. Un espectáculo moi visual e participativo para todos os públicos.

Para público familiar e infantil (idade recomendada de 3 a 12 anos).

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.



15 de novembro, ás 18:00 horas, na ludoteca

Obradoiro: Ñam, ñam, alimentación saudable, Tamara Rivas

Que almorzo?, Que podo merendar?, Que alimentos ofrecer en celebracións e festas para que sexan máis saudables?

Durante a infancia sentamos as bases dunha alimentación saudable.

Por iso é importante poñer ao seu alcance alimentos sans e variados. Este obradoiro práctico fomenta a experimentación e o descubrimento de novos sabores a través da elaboración de receitas sinxelas.

Ideas orixinais para descubrir unha alimentación saudable, as propiedades nutricionais e os beneficios de cada alimento.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

15 prazas.

Inscripción na biblioteca infantil.



22 de novembro, ás 17:00 e ás 18:00 horas,
na ludoteca

Electrízate: obradoiro científico, con Ciencia Kids

Con este obradoiro trátase de achegar ás nenas e aos nenos a aprendizaxe dalgúns fundamentos da electricidade e a tecnoloxía, de maneira amena, sinxela, divertida e segura, a través do xogo. Búscase espertar a curiosidade, o desafío e o interese por descubrir; así como explicar algúns aparellos eléctricos presentes en todos os fogares.

Ensamblarán por eles mesmos diferentes circuitos en que usarán condutores, illantes, correntes...

Principais obxectivos: entender como circula a electricidade; que materiais conducen a electricidade e cales non; deseño de circuitos eléctricos de cinta e LEDs.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

15 prazas en cada quenda.

[Inscripción na biblioteca infantil.](#)



29 de novembro, ás 18:00 horas, no vestíbulo

Obradoiro: Vivir nas nubes, con Nuria González

É posible construír con aire? Pódese vivir dentro dunha nube?

Neste obradoiro propónse aprender a construír nubes a través da tecnoloxía da arquitectura inflable e experimentar o seu espazo interior.

Para público infantil de 6 a 12 anos. 15 prazas.

[Inscripción na biblioteca infantil.](#)



BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE NÓS

16 de novembro, ás 11:30 horas, na sala de actividades infantil

Electricidade e electrónica creativa, con Vermislab

O obradoiro consistirá na realización de experimentos relacionados coa electricidade.

Primeiro traballarase arredor das partículas que forman o átomo para despois facer experimentos usando a electricidade.

Proxectos de papirotrónica (papiroflexia e electrónica)

Os nenos e nenas participantes levarán para a casa o proxecto realizado.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 20 prazas.

Inscripción desde o 8 de novembro, no 988 78 83 85/86 ou na biblioteca.

23 de novembro, ás 11:30 horas, na sala de actividades infantil

A física e a luz, con Vermislab



O obradoiro consistirá na realización de experimentos relacionados coa luz.

Farase un proxecto da creación de hologramas e explicarase como funciona a refracción da luz en diferentes materiais.

Os nenos e nenas participantes levarán para a casa o proxecto realizado.

Para público infantil de 7 a 12 anos. 20 prazas.

Inscripción desde o 8 de novembro, no 988 78 83 85/86 ou na biblioteca.



Todo o mes de novembro

Mostras bibliográficas

A ciencia en Galicia

Mostra bibliográfica e centro de interese en que amosamos unha selección de persoeiros e proxectos científicos galegos.

Lugar: primeiro andar.
Para público xeral.

Xenios e enxeños

Mostra realizada para difundir a ciencia entre o público infantil.

Lugar: sala infantil.
Para público infantil.





BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIOZOLA

8 e 22 de novembro, ás 18:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Obradoiro de robótica creativa, a cargo de Jóvenes Científicos

Obradoiro tecnolóxico en que aprenderemos nocións básicas de tecnoloxía, robótica e electricidade desenvolvendo un proxecto creativo audiovisual e moi divertido (carreiras de autos tolos, caixas de luz, retos con LEGO EV3m, ...)



Para público infantil de 9 a 14 anos. 15 prazas en cada sesión.

Inscripción previa a través do formulario da páxina web da biblioteca. A partir do 29 de outubro para a sesión do día 8 e a partir do 12 de novembro para a sesión do día 22.

15 de novembro, as 18:00 horas, no espazo de actividades da planta baixa

Unha increíble historia científica! Obradoiro de creación con Anias

A rapazada que asista a este obradoiro terá a oportunidade de participar activamente no desenvolvemento dunha historia que irá acompañada de experiencias científicas abraiantes e case máxicas. Á medida que a historia avance irán aparecendo momentos en que os e as participantes teñan que resolver situacións a través da realización de diferentes experimentos científicos que permitirán chegar ao final da aventura.

Para público infantil de 7 a 10 anos. 20 prazas.

Inscripción previa a partir do 6 de novembro a través do formulario da páxina web da biblioteca.

29 de novembro, ás 18:00 horas, na sala multiúsos.

Obradoiro: *Ciencia en acción, con Reviravolta*

Obradoiro con experimentos sinxelos e divertidos nos cales empregaremos materiais de fácil acceso, cotiáns e que temos pola casa, (globos, botellas, candeas, papel, palliñas, colorantes, xabóns...) para espertar a curiosidade da rapazada sobre conceptos como: a capacidade, presión atmosférica, forza do aire, densidade, etc.

Para público infantil de 6 a 9 anos. 15 prazas.

Inscripción previa a partir do 20 de novembro a través do formulario da páxina web da biblioteca.

30 de novembro, ás 11:00 horas, na sala multiúsos.

O ciclo da vida. Obradoiro de ilustración con Carmen Vega, investigadora da misión biolóxica. CSIC

Nesta ocasión e para celebrar o *mes da ciencia en galego*, imos crear un libro acordeón ilustrado co ciclo de vida das sementes.

Para público xuvenil e adulto. 15 prazas.

Inscripción previa a partir do 19 de novembro a través do formulario da páxina web da biblioteca.





BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

2 de novembro, ás 12:00 horas, na sala infantil

Ciencia creativa, con Ciencia Kids

Ciencia creativa: música, arte e experimentos é un obradoiro deseñado para descubrir as fascinantes conexións entre a ciencia e a creatividade, a través da música, a arte e emocionantes experimentos físicos e químicos. Trátase dun obradoiro onde os nenos e as nenas participantes se mergullan nunha sesión interactiva e educativa, na cal a ciencia se converte nunha ferramenta para explorar e crear.



Para público infantil de 4 a 12 anos.

[Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.](#)

9 de novembro, ás 12:00 horas, na sala infantil

Toupiciencia Show, con A Xanela do Maxín

A Toupíña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza e mais o seu axudante Protonio andan a buscar as persoas científicas do futuro. Para iso, exploran facendo divertidos e dinámicos experimentos utilizando o método científico, promovendo a curiosidade e mostrando a grande importancia que ten o facer preguntas para aprender e avanzar.

Para público infantil de 4 a 12 anos.

[Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.](#)

16 de novembro, ás 12:00 horas, na sala infantil

Unha pompa de xabón, con Nuria Prieto

As pompas de xabón son pequenos obxectos que voan e desaparecen nuns segundos, pero, e se fose posible construír unha pompa que aparece e desaparece? O taller expón a construción dun pequeno inchable, no cal se poida acceder e experimentar un espazo tan peculiar.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.



30 de novembro, ás 12:00 horas, na sala infantil

Questions and Answers about Science, con Academia Bastón

Sesión de divulgación científica en inglés.

Para público infantil de 6 a 12 anos.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.

7, 14, 21 e 28 de novembro, ás 12:00 horas, na sala multiúsos

Curso de alfabetización informática +55, con Eladio Izquierdo Pazó

Curso de iniciación á informática para maiores de 55 anos. Aprender a editar e gardar documentos no ordenador, usar o correo electrónico, capturar imaxes, utilizar páxinas web de interese etc. será moi doado.

Para público adulto. 10 prazas.

Inscripción previa por teléfono ou na propia biblioteca.




Todo o mes de novembro

Exposición e mostras bibliográficas

A carreira espacial: historia e fitos

A carreira espacial é un capítulo fascinante da historia dos século XX, marcada pola competencia entre as dúas superpotencias da Guerra Fría, Estados Unidos e a Unión Soviética, para lograr avances tecnolóxicos e exploratorios no espazo exterior. Comezou a finais da década de 1950 e estendeuse durante os anos 60 e 70, no contexto da rivalidade xeopolítica entre ambas as nacións.




Lugar: zona de exposicións da biblioteca.
Para todos os públicos.

Alguns avances da ciencia no século XIX

Exposición temática sobre como a ciencia acadou logros no século XXI que influíron tanto na nosa vida cotiá como en distintas áreas como a informática ou a física.

Lugar: sala infantil.
Para todos os públicos.



A furgoteca!!!

BIBLIOTECAS MÓBILES DE LUGO E OURENSE

Ao longo das rutas que percorren os concellos de Lugo e Ourense, as furgotecas levan libros, diversión e coñecementos científicos aos nenos e ás nenas dos colexios e casas niño, ás persoas usuarias das casas do maior e a toda a veciñanza que se achega en cada parada.

As furgotecas están presentes en: **Provincia de Lugo:** Baleira-Cervantes-Folgoso do Courel-O Incio-Navia de Suarna-Negueira de Muñiz-As Nogais-Pedrafita do Cebreiro-Samos-Triacastela

Provincia de Ourense: Baltar-Os Blancos-Calvos de Randín-Castrelo do Val-Cualedro-A Gudiña-Laza-Oímbra-Trasmiras-Vilardevós

Máis información sobre rutas e actividades en: cultura.gal/furgoteca.

FURGOTECA DE LUGO

5 de novembro, ás 11:50 horas, no CPI Uxío Novoneira de Pedrafita do Cebreiro

22 de novembro, ás 11:30 horas, no CEIP Ricardo Gasset do Incio

Libro de experimentos abracadabrantés de Hugo Comas, con Sergio Castro, @profesor10demates



Sergio Castro e Carmen Rodríguez escribiron o *Libro de experimentos abracadabrantos de Hugo Comas*. Nesta presentación o @profesor10demates vai realizar unha serie de experimentos que axudarán a comprender conceptos científicos. Será unha experiencia literaria e científica do máis divertida, intercalando o proceso creativo da novela - personaxes, atmosfera e trama - coa realización de sorprendentes experimentos

Actividade aberta a todo o público.

21 de novembro, ás 11:30 horas, no CPI de Cervantes

Mujeres negras en la ciencia, con Zinthia Álvarez Palomino.

Co libro *Mujeres negras en la ciencia*, a súa autora Zinthia Palomino trata de darlles visibilidade aos grandes achados que realizaron mulleres negras e afrodescendentes na ciencia nos últimos 100 anos.

A partir do libro, Zinthia conversará sobre estas mulleres e os seus traballos científicos.

Actividade aberta a todo o público.

FURGOTECA DE OURENSE

Todo o mes de novembro. Ruta 2 de todos os concellos

Descubriendo un universo de palabras

Novembro é o mes da ciencia en galego, este ano dedicado á astronomía. As palabras nos libros abren universos ante os nosos ollos; porén, tamén é un experimento fermoso descubrir e revelar palabras. Neste caso farémolo de maneira tanto literal como figurada, xogando tamén cos conceptos de aparición e desaparición. Mediante diferentes procedementos (tinta invisible, pintura con auga, papel de rascar máxico...) escribiremos e/ou atoparemos palabras relacionadas co universo e a astronomía.

Para todos os públicos.




A CIENCIA EN GALEGO COS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA


Investigar, descubrir, experimentar... son conceptos asociados ás actividades científicas e tecnolóxicas que cada día están máis presentes nos centros de ensino e que resultan fundamentais para o desenvolvemento integral do alumnado. Nun mundo cada vez máis tecnolóxico, estas ferramentas non só espertan a curiosidade natural da rapazada, senón que tamén fan que a aprendizaxe sexa máis significativa e atractiva e brindanlle bagaxes esenciais para comprenderen e afrontar os retos do presente e do futuro. ✨

✨ Durante o mes de novembro celebramos o *Mes da ciencia en galego*, unha iniciativa que busca fomentar o interese por ese ámbito experimental entre os máis novos dun xeito divertido e educativo e, sobre todo, coa nosa lingua como fío condutor. Son moitas as actuacións que neste sentido se desenvolven nos centros de primaria e secundaria, un traballo conxunto entre os distintos departamentos e no cal os docentes que conforman os equipos de dinamización da lingua galega e de bibliotecas escolares exercen un labor vertebrador. A través de propostas tan diversas como publicacións, conferencias, exposicións de proxectos, xogos interactivos, *pódcast* ou concursos que incentiven o traballo en equipo, os estudantes teñen a oportunidade de interactuar con conceptos que poderían parecer distantes ou abstractos e de descubrir grandes figuras da ciencia entre as nosas xentes.

Así pois, estas experiencias contribúen a formar unha comunidade educativa comprometida co valor da ciencia en galego.

A seguir recollemos algunhas das propostas:





Concursos TV



www.lingua.gal/pim-pam-experimenta

Proxectos



www.lingua.gal/experimentamos-sentidos



www.lingua.gal/explorando-bechos

Publicacións



www.lingua.gal/nosos-experimentos



www.lingua.gal/aldahir-3

Monólogo dramatizado



www.lingua.gal/monologo-hipatia

Experimentos



www.lingua.gal/club-colmeiro



www.lingua.gal/medio-minuto-ciencia

Podcast e programas de radio



www.lingua.gal/mulleres-cientificas-programa



www.lingua.gal/ciencia-e-podcast

Xogos e retos



www.lingua.gal/polos-creativos-sequelo



www.lingua.gal/escapismo-matematico-tui

Videoconferencias de Igaciencia



<https://www.igaciencia.eu/gl/node/438>



www.lingua.gal/ciencia-en-galego

Novos poliedros de Igaciencia




<https://www.igaciencia.eu/gl/node/433>

Outros recursos dos EDLG



www.lingua.gal/ciencia-no-portal-da-lingua



MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Desde a creación do Plan de mellora de bibliotecas escolares (2005) procúrase a integración das ciencias e das humanidades a través de diversas actividades e da actualización da colección das bibliotecas dos centros educativos galegos de nivel non universitario. Especificamente, dedicáronse varias campañas anuais a facer visibles as oportunidades que ofrece a biblioteca escolar para o traballo das disciplinas científicas desde varias perspectivas: *Biblioteca escolar, acelerador de innovación* (2012/13), *Ler ciencia na biblioteca escolar* (2013/14), *Biblioteca escolar... matemático!!!* (2014/15), *Biblioteca escolar, base de exploracións* (2015/16), *Aprender a pensar coa biblioteca escolar* (2017/18), *Biblioteca escolar, viveiro de cidadanía* (2019/20).

O lema elixido para o presente curso escolar, *Biblioteca escolar, a escena!*, abre as portas a traballar o teatro en todas as súas variantes. As nosas bibliotecas escolares saen a escena para ler, interpretar, radiar, escribir e gozar co teatro.

Como resultado destas campañas aumenta considerablemente o número de actividades relacionadas coa ciencia nas bibliotecas escolares. Son moitos os científicos e científicas de diversas especialidades que, anualmente, son convidados a impartir charlas relacionadas con proxectos de investigación que se desenvolven nos propios centros baixo a coordinación da biblioteca escolar; así mesmo, aumentan as propostas de actividades que implican máis lectura de divulgación científica e maior número de traballos de investigación científica por parte do alumnado. En consecuencia, aumentan tamén os recursos de contido científico en distintos soportes e formatos que as bibliotecas albergan nas súas coleccións para intentar cubrir as necesidades destas disciplinas.



No marco dos clubs de lectura impulsados desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares cómpre salientar que case un terzo son temáticos, entre os que se atopan moitos de índole científica. Ademais, entre os 50 títulos máis lidos no curso 2022/23 aparecen varias lecturas de

ficción con contidos científicos como *O curioso incidente do can á media noite* (Mark Haddon), *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta* (Leticia Costas), *O corazón de Xúpiter* (Leticia Costas), *A balada dos unicornios* (Leticia Costas), *Os nenos da variola* (María Solar), *A cidade do átomo* (Iria Misa) ou *O achado do Castro* (Manuel Núñez Singala).



Web: ciencia en galego nas bibliotecas

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da ciencia en galego nas bibliotecas, desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=ciencia>

Seleccións de materiais sobre ciencia en galego

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares selecciónanse materiais susceptibles de formar parte da colección das bibliotecas dos centros. Cómpre, neste sentido, destacar a coidada selección de maletas viaxeiras que son ofrecidas en préstamo temporal aos centros sobre as seguintes temáticas: ciencias (para educación primaria e educación secundaria), matemáticas (tamén para as dúas etapas educativas), economía, física e química, bioloxía e xeoloxía e literatura de non ficción. Para o curso 2024/25 continúaase coa actualización dos contidos destas maletas engadindo publicacións máis recentes realizadas con perspectiva de xénero, para acoller libros que recollen a figura das científicas nos diversos campos.



Pódese acceder ao contido das maletas no enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/maletas/>


Literatura de non ficción en galego



Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense unha selección de libros de divulgación científica publicados en galego e moi demandados desde as bibliotecas dos centros educativos para poder cubrir as necesidades informativas do alumnado e apoiar os seus traballos de investigación.

Pódese acceder a esta selección na seguinte ligazón: <https://es.pinterest.com/bescolaresgal/ciencia-en-galego/>

A plataforma de libro dixital E-LBE.2



E-LBE.2 é un servizo que poden ofrecer as bibliotecas escolares dos centros educativos galegos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que participan no programa PLAMBE. Trátase dunha plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais que enriquece as coleccións das bibliotecas escolares cun volume actual de máis de 4.300 títulos que están dispoñibles para ler en pantalla, en todo tipo de dispositivos (computador e dispositivos

móviles), en calquera momento e lugar, para todas as persoas usuarias (profesorado, alumnado e familias) destas bibliotecas escolares.

Os fondos de E-LBE.2 son variados, actuais e están seleccionados atendendo aos criterios que, en xeral, seguen as bibliotecas escolares galegas. Entre eles atopamos non só títulos de literatura de ficción senón tamén numerosos materiais textuais de literatura de non ficción, moitos deles de contidos científicos. A selección, xestión e control dos contidos e a súa actualización coordínanse desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares.



Pódese acceder á plataforma E-LBE.2 a través da seguinte ligazón: <https://bega-elbe2.edu.xunta.es/>

Programa Biblioteca Creativa

Para o curso 2024/25, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto das actuacións do Plan LIA de bibliotecas escolares, acaba de publicar unha nova convocatoria do programa Biblioteca Creativa, que




apoiar a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun espazo de creación e experimentación que lle achegue ao alumnado de educación infantil e educación primaria os recursos e materiais axeitados para estimular e ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral,

a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. Este programa está a promover a aparición de novos espazos dentro da biblioteca, entre os que destaca a sección de ciencias, con materiais e fondos que facilitan



a investigación e a experimentación do alumnado. Neste curso 2024/25 participarán no programa Biblioteca Creativa arredor de 194 centros, integrados previamente no Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Pódese acceder a máis información sobre este programa na ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=category/19/86>



Metodoloxías activas e traballos por proxectos

Co fin de estimular a realización de traballos mediante a metodoloxía de proxectos, impulsados ou coordinados desde as bibliotecas escolares, véñse convocando desde o curso 2013/14 o Concurso de traballos por proxectos, destinado aos centros públicos non universitarios, con distintas modalidades e temáticas. No curso 2023/24, convocouse o X Concurso de traballo por proxectos, ao cal se presentaron 67 traballos. Moitas das candidaturas que se recibiron nos últimos anos centran as súas investigacións en temas científicos ou combinanos cos humanísticos.



Nesta ligazón pode accederse aos traballos premiados na IX edición (2022/23): <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=category/17/195>

C I E N C I A

MES DA CIENCIA!

Consulta todas as datas na
Axenda de Cultura de Galicia:
www.cultura.gal/axenda

DL: C 1600-2024



XUNTA
DE GALICIA